

EDUCAR EN VERDE

RECURSOS PARA A EDUCACIÓN AMBIENTAL RECOMENDADOS
POLO CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL DOMINGO QUIROGA

Peter
Gray



APRENDER EN LIBERTAD. CÓMO RECUPERAR NUESTRO INSTINTO DE JUEGO PARA TRANSFORMAR LA EDUCACIÓN. Esto no es una escuela, 2016.

O autor da man do seu fillo, lévao a descubrir a educación como nunca a imaxinara. Aprender en liberdade é o testemuño honesto dun pai, á vez que unha análise lúcida do noso sistema educativo desde unha perspectiva histórica, antropolóxica e científica. Pero, sobre todo, este libro é un espello que nos fai enfrontarnos a interrogantes que non podemos seguir eludindo o que queremos construír, entre todos: unha educación máis humana e auténtica.

En préstamo en  Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)


PATIOS VIVOS PARA RENATURALIZAR LA ESCUELA. Octaedro, 2020.

Renaturalizar as escolas é moito máis que decorar os seus patios con plantas e bancos. É arraigalas profundamente nos seus territorios, abrílas ás súas contornas para que acollan a biodiversidade. Nos patios vivos, nenos e nenas (e tamén as súas mestras, as súas familias...) atopan un espazo para expresar e cultivar a súa forte atracción cara a todas as formas de vida. Este libro contén reflexións prácticas para emprender e profundar neste camiño ademais de experiencias concretas de escolas que comparten os seus achados, os seus erros e os seus desvelos.



Heike
Freire

En préstamo en  Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)
Bibliotecas Universitarias: [UDC](#), [USC](#)



AHÍ FUERA: GUÍA PARA DESCUBRIR LA NATURALEZA. GeoPlaneta , 2022.

Creado por un equipo de especialistas, este libro pretende despertar a curiosidade sobre a fauna, a flora e outros aspectos do mundo natural que poden ser observados na nosa contorna. Inclúe tamén propostas de actividades e numerosas ilustracións para axudar a toda a familia a saír de casa e descubrir todo o increíble que existe aí fóra. Inclúe: • Máis de 100 plantas e animais. • Introducción ao tempo, a xeoloxía e o ceo nocturno. • Caderno pequeno ilustrado en cor para axudar a recoñecer as diferentes especies.

En préstamo en 

Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)

Bibliotecas Públicas: [A Estrada](#), [Caldas, Ferrol](#), [Cambre](#), [Lugo](#), [Ourense](#), [Vigo](#), [Meis](#), [Miño](#), [Porriño](#), [Oleiros](#), [Ortigueira](#), [Rois](#), [Xermade](#), [Dodro](#)

PANTERA nº9. Especial Cuaderno de campo: EL MUNDO DE LOS INSECTOS. Savanna Books, 2023.

Pantera nace para inspirar a mozos lectores e lectoras a loitar contra o cambio climático. Pero non é só unha revista para eles, tamén ten o propósito de que pais e nais, mestres e mestras, e todas as persoas implicadas cos nenos e novos, teñan un espazo, un referente común para inspirarse e atopar a súa vía de activismo. Éste é un número moi especial; un caderno de campo dedicado ao mundo dos insectos. Entre os seus contidos: Guía bichera- Anatomía dos insectos- O mundo das formigas- A conservación dos insectos.



Cristina
Camarena
(coord.)


Descárgao en 

Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)

Bibliotecas Públicas: [Lugo](#), [Ourense](#), [Santiago, Vigo](#)



Cooperativa
Moda-Re,



TEJIENDO UN PENSAMIENTO SOSTENIBLE.
Moda-RE, 2023.

Catálogo de materiais de sensibilización e educación ambiental que dota de recursos aos centros educativos cos que traballar, dunha forma participativa e adaptada, ás aprendizaxes de cada centro e ás diferentes franxas de idade. Trata o tema da sustentabilidade, a economía circular, a reciclaxe de residuos e o consumo responsable, dentro do marco da industria téxtil. Inclúe recursos didácticos adaptados aos diferentes niveis educativos (infantil, primaria e secundaria) e incluso materiais dirixidos a público adulto e profesorado.

Descárgao en



<https://acortar.link/yAda4>

**EL CAMBIO CLIMÁTICO: UNIDAD DIDÁCTICA NOÉ :
PROGRAMA EDUCATIVO PLANETA DANTZAN.**
Ayuntamiento de Pamplona [etc.], 202-?

Esta unidade didáctica ofrece 6 actividades para traballar o cambio climático implicando practicamente a todas as materias da ESO. Un enfoque transversal e aberto ás adaptacións que cada docente precise. Desenvolta dentro de Planeta Dantzán, un programa educativo que parte de obras do repertorio de Malandain Ballet para xerar percorridos pedagóxicos que achegen ao alumnado dous mundos aparentemente afastados: o da danza como expresión artística, e o da problemática ambiental e social.



Varios
autores



Descárgao en



<https://acortar.link/ewLw0E>



Sarai Fariñas



MALETA PEDAGÓGICA ECOFEMINISTA.
CERAI: La Sostenibilidad al Plat: Garúa, 2021.

Material pedagóxico para profesorado de 2º e 3º ciclo de primaria que queira introducir o ecofeminismo na aula. Agora máis que nunca, necesitamos que as nosas pequenas criaturas reciban unha educación crítica para poder transformar o mundo no que vivimos nun lugar máis habitable. Este material é un bo aliado para profundar, xunto ás alumnas e alumnos, na pedagogía ecofeminista e conseguir un mundo máis xusto e sostible.

Descárgao en



<https://acortar.link/okBxxr>

UN JARDIN PARA MI CENTRO EDUCATIVO: JARDINES EXCOLARES SOSTENIBLES. GUÍA PARA LA CREACIÓN DE JARDINES A TRAVÉS DE UN PROYECTO EDUCATIVO. CSIC: Real Jardín Botánico, 2022.

Esta guía pretende axudar na mellora dos centros educativos a través da creación dun xardín sostible e educativo que implique a participación do alumnado e o resto da comunidade educativa. Ademais, este espazo pode ofrecer unha función social e pedagóxica, como mellorar o descanso, o xogo e o pracer emocional. Mellora a calidade de vida das persoas que están nun proceso fundamental do seu desenvolvemento: a infancia e a adolescencia.



Varios autores

Descárgao en:



<https://acortar.link/iTv7Wo>

Blanca
Millán

O GRAN LIBRO DOS NOSOS MONTES. Cumio, 2023.

Os nosos montes son lugares máxicos e/ou fogar dunha chea de seres vivos: árbores, arbustos, pequenos fungos e toda clase de animais, dende os xabarís máis grandes ata os insectos máis pequenos. Xa sabemos que as árbores veñen dunha semente. Pero, sabías que son os seres máis lonxevos e grandes do planeta? Dentro deste libro atoparás unha morea de actividades para gozar do monte en calquera momento do ano e así sacarlle o mellor proveito ás o túas visitas á natureza.

En préstamo en

Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)

Bibliotecas Públicas: [Corcubión, Moaña, Poio, Alfoz, Avión, Cenlle, Coristanco, Gondomar, Laxe, Lancara, Marín, Meis, Grove, Vicedo, Ortigueira, Ponteceso, Pontevedra, Ribadeo, Viveiro, Xunqueira Ambia](#)

CARABELA. Galaxia, 2020.

Este libro conta a historia de Carabela, a cociñeira dun barco que naufraga na Illa Pequena de Plástico, onde está soa e rodeada de peixes mutantes que a advirten que son tóxicos, de paxaros que tamén se queixan por comer substancias nocivas... para aliviar a tristeza, Carabela constrúe unha nena de Plástico á que lle conta historias de como é o mundo fóra da Illa Pequena. A autora lánzanos unha mensaxe sobre a importancia de que coidemos o noso medio ambiente e recórdanos que planeta non temos máis ca un.

Paula
Carballeira,
Abi Castillo

En préstamo en

Biblioteca [CEIDA \(Oleiros\)](#)

Bibliotecas Públicas:

[Teo, Avión, Bergondo, Betanzos, Cambados, Cambre, Carballo, Fene, Lalín, Muxía, Narón, Ortigueira, Salceda, Santiago, Sarria](#)

BIBLIOTECA E CENTRO DE DOCUMENTACIÓN AMBIENTAL DO CEIDA

FONDOS
PARA TODA A
CIDADANÍA

É único centro de recursos de información e documentación especializado en Medio Ambiente que está aberto a toda a cidadanía en Galicia. Conta con máis de 29.000 documentos dispoñibles en préstamo que poden servir de apoio aos centros educativos para a realización de actividades de carácter ambiental.



- PRÉSTAMO EN SALA E POR ENVÍO POSTAL.
- BÚSQUEDA ESPECIALIZADA DE RECURSOS.
- ACCESO A ARTIGOS E DOCUMENTOS CIENTÍFICOS.
- MALETAS VIAXEIRAS.
- GUÍAS DE RECURSOS.

SERVIZOS
DIRIXIDOS A
CENTROS
EDUCATIVOS



<https://bit.ly/2mPg90v>